



MISA CON NENOS

10 de xaneiro 2020

Ordinario 1º-B

BAUTISMO DO SEÑOR

Marcos 1, 7-11: “Ti es o meu Fillo amado, en ti comprázome”.

Mensaxe: polo bautismo son FILLO AMADO do Pai.



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Hoxe é un día importante, terminamos o tempo de Nadal celebrando a festa do Bautismo do Señor. Descubrimos hoxe a Xesús, xa un home adulto, xunto ao río Xordán escoitando a voz do Pai que o proclama como “o seu Fillo amado” e invítanos a seguilo. É hoxe un bo día para recordar que estamos bautizados, que formamos parte da Igrexa, e para renovar as nosas promesas bautismais. Esteamos seguros de que en cada bautismo ábrese o ceo e soa: es o meu fillo amado. Que a Eucaristía nos axude a descubrir a grandeza de ser cristiáns, fillos amados do Pai.

(Poderíase adornar a pila bautismal con flores e cun paniño branco, cuncha con auga e aceite. Na casa tamén poderíamos poñer a candeia do bautismo se a temos, a cuncha bautismal ou un recipiente con auga e algunha foto do bautizo cunha frase: “Son fillo amado do Pai”).

2. PERDÓN

Pidamos perdón ao Señor polos nosos pecados. (Silencio).

E agora recordando o noso bautismo, renunciemos ao pecado e profesemos a nosa fe en Cristo Xesús.

Digamos: -“Si, renuncio”.

Celebrante: Renunciades ao pecado para vivir na liberdade dos fillos de Deus?

-Renunciades a todas as seducións do mal, para que non domine en vós o pecado?

-Renunciades a Satán, pai e príncipe do pecado?

-Prometedes seguir a Xesucristo cumprindo os seus mandamentos?.

Que o Señor teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e lévenos á vida eterna.

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas que imos escoitar preparáranos á misión de Xesús: Isaías indica como será o Mesías. A segunda lectura, doutra banda, preséntanos un conxunto de ensinanzas sobre o papel que vai desempeñar o Salvador. Finalmente, aínda que brevemente, o Evanxeo nármanos a compracencia, a alegría, a satisfacción que ten Deus nun Fillo que vai ser a súa voz, os seus pés, as súas mans e o seu corazón na terra. Escoitemos con atención.

4. CREDO: *Irmáns, nesta festa do Bautismo do Señor, renovemos o compromiso da nosa fe bautismal. Respondemos: -SI, CREO.*

Celebrante: Creedes en Deus, Pai creador do ceo e da terra?

Celebrante: Creedes en Xesucristo, o seu único Fillo, o noso Señor, que naceu de Santa María Virxe, morreu, foi sepultado, resucitou de entre os mortos e está sentado á dereita do Pai?

Celebrante: Creedes no Espírito Santo, na Igrexa Católica, a Comunión dos Santos, o perdón dos pecados, a resurrección dos mortos e na vida eterna?

Celebrante: É unha alegría poder proclamala a viva voz e todos xuntos.

5. PETICIÓNS

Como fillos amados de Deus dirixímoslle as nosas súplicas:

Renova en nós a fe bautismal.

1. Para que a Igrexa sexa comunidade de bautizados conscientes e responsables. Oremos.
2. Para que malia os nosos fallos sintamos que somos fillos amados do Pai. Oremos.
3. Para que sexamos membros vivos da Igrexa. Oremos.
4. Para que vivamos como criaturas novas, como fillos de Deus. Oremos.
5. Para que valoremos a fe como o mellor tesouro a legar aos nosos fillos e netos. Oremos.
6. Para que todos nós, que fomos bautizados, renovemos a graza e os compromisos adquiridos no bautismo. Oremos.



7. Polos que serán bautizados ao longo deste ano; polos seus pais, padriños e familiares; para que vivan con fe o camiño do Evanxeo. Oremos.
8. Polos enfermos, polas vítimas do Covid, por tantos anxos sen ás que nos coidan e guían. Oremos.
Escóitanos, Pai e fainos verdadeiros fillos teus e servidores dos nosos irmáns. Por XNS

6. OFRENDAS

-**CUNCA CON AUGA E PANO BRANCO:** Ao presentarche esta cunca coa auga do bautismo queremos darche grazas polo bautismo que nos lavou do pecado, encheunos da graza de Deus, da vida divina e fíxonos fillos de Deus.

-**GARRAFA DE ACEITE:** No bautismo ao ser unidos polo óleo e o crisma, recibimos a forza do Espírito e comprometémonos a ser membros activos da Igrexa. Que nunca o esquezamos, que sempre vivamos como bautizados e amando a esa outra familia. a Igrexa.

-**PAN E VIÑO:** O pan e o viño na eucaristía son o alimento dos que temos, como Xesús, unha gran misión: vivir e facer vivir, descubrir e levar o amor que Divos tennos.



7. VENERACIÓN DA PÍA BAPTISMAL

Adornemos para a misa ou celebración a pía baptismal con flores frescas, iluminámola, poñemos á beira o cirio pascual aceso e colocamos auga na pía. Alguén á beira pode manter aberto o leccionario co evanxeo do día. Poderían organizar unha procesión bicando a pila baptismal e poñendo a man sobre o leccionario (con pandemia, mellor facer inclinación de cabeza), mentres se canta un canto baptismal: primeiro vai o sacerdote con acólitos e lectores, daquela os nenos, despois os adultos e o coro. Posibles cantos:

Cantos baptismal: Xesús meu amigo, Betsaida (Bautismo): https://www.youtube.com/watch?v=7iyq_FZ1KV0 Polo noso santo bautismo: <https://www.youtube.com/watch?v=XhJqCpWNzdE&t=17s>. A auga do Señor sandou a miña enfermidade, Kairoi: <https://www.youtube.com/watch?v=agHXbQg2fjM>

8. SUXESTIÓNS

-O domingo do bautismo do Señor pode considerarse como o primeiro domingo do tempo ordinario. O bautismo é un segundo nacemento á vida da Graza: renacemos do auga e do Espírito e recordamos que somos “fillos amados de Deus”.

-Hoxe habería que resaltar dous signos litúrxicos: a auga do bautismo que simboliza a vida nova que nos dá o Espírito como membros da Igrexa; e o Símbolo da Fe (o Credo): bo día para renovar as nosas promesas bautismais.

-O bautismo de Xesús é outra epifanía (manifestación ou revelación de Deus) que pecha o Nadal: óese a voz divina que fala e vese o Espírito baixar como unha pomba anunciando que Xesús é o fillo amado do Pai. Outras epifanías son o nacemento, a adoración dos reis, as vodas de Caná, a transfiguración, a morte na Cruz.

-O bautismo é o comezo da misión de Xesús, inicia a súa vida pública tomando conciencia de quen é, o fillo amado do Pai.

-Tratemos todos de decatarnos da data do noso bautismo e celebremos cada ano o aniversario do noso bautismo.

-Adornemos para a misa ou celebración a pila baptismal con flores frescas, iluminámola, poñemos á beira o cirio pascual aceso e colocamos auga na pía.

-Prepárate un debuxo coa pomba do Espírito Santo para cada neno e a frase “Ti es o meu fillo amado”. Deus no bautismo regalouvos o don do Espírito Santo: a súa forza o seu amor, a súa alegría, a súa amizade, a súa vida (A cada neno colócaselle no peito un debuxo unha pomba que preparamos, prendido cun alfinete, que representa ao Espírito Santo). Díci-moslles que como Xesús no río Xordán os bautizados podemos escoitar de Deus esas bonitas palabras: “Ti es o meu fillo amado”. E entregá-moslle un carteliño con estas palabras.

-No ofertorio, que os nenos se poñan xunto ao altar e ofrezan as súas mans formando unha cunca e que alguén diga: “Ofrecemos as nosas mans para que Deus nolas encha co seu Espírito como a Xesús e así poidamos facer o ben a todos”.

9. VÍDEOS PARA ESTE DOMINGO: Bautismo do Señor- B- Mc 1, 7-11

-Mc. 1,7-11, película: <https://www.youtube.com/watch?v=XGvjzckAuLQ> -O Bautismo de Xesús, debuxos: <https://youtu.be/Z2bYRTbVeOU>

-O bautismo do Señor, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=p9TQBLijGpI> -Xn 1,29-34, debuxos: <https://youtu.be/JbDdnimOPB8>

-Bautismo de Xesús, Superlibro, debuxos: <https://youtu.be/wprv8mcVpbc> - Xn 1, 29-34, debuxos: https://youtu.be/oHO_prUe0h0

-De carne e óso, Verbo Divino, reflexión: <https://youtu.be/5wZY0S95o3A>

-Deixarse purificar, Verbo Divino 2013 C, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=QzQ14gFhKdg>

-Sorpréndete, Verbo Divino 2014, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=FGgc5HcWcr8>

-Sorpréndete, Verbo Divino 2015 B, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=FGgc5HcWcr8>

-A vida dos meus fillos, Verbo Divino 2016 C, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=tgvaU5IHXR5>

-Unha mensaxe, Verbo Divino 2017 A, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=ixiWNGc3F3o>

-Meu fillo amado, Verbo Divino 2018, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=ixiWNGc3F3o>

-Abrindo misión, Verbo Divino 2021: <https://www.youtube.com/watch?v=6bjXgblFhBw>

-Fillo Amado, - Verbo Divino 2018 B, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=ixiWNGc3F3o>

-Elixido, Verbo Divino 2019 C, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=1XuJpP7V8c8>

-Comeza a aventura, Verbo Divino 2020 A, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=jjZPczwsp5k>

-O sacramento do bautismo, explicación: https://www.youtube.com/watch?v=A6_n_45Lkqc

-O bautismo, nacemos para amar: <https://www.youtube.com/watch?v=UGq2VR5Zrdk&t=68s>

-Sacramento do Bautismo, Irmán Zeferino, explicación: <https://youtu.be/ZTkXh1NFN5A>

-Catequese 15: O bautismo e a eucaristía: <https://www.youtube.com/watch?v=jmiSDHntjki&t=47s>

-A auga do Señor sandou a miña enfermidade, canto: <https://www.youtube.com/watch?v=agHXbQg2fjM>,

Kairoi

-Xesús, meu amigo, Betsaida (Bautismo): https://www.youtube.com/watch?v=7iyq_FZ1KV0

-El é o meu Fillo, Javier Brú, canción: <https://youtu.be/nhDOEBIFKEK>

Lecturas: Linguaxe de Signos: <https://www.youtube.com/watch?v=Fu7bKiFT-nE>

**"Eu bautízote
no nome do Pai
e do Fillo
e do Espírito Santo.
Amén".**

